

pendencias. Socorrismo e primeiros auxilios. Alimentación e nutrición. Sexualidade. Seguridade e hixiene.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar.

O modelo de solicitude descárgase do portal www.xuventude.net.

Artigo 8º.-*Certificacións de asistencia.*

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, poderán realizarse probas obxectivas.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións dos cursos así como ás xornadas, que poida organizar a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con temática relacionada coa materia do curso durante a duración deste. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

A Consellería de Traballo e Benestar outorgará unha certificación coa cualificación de APTO a aquelas persoas que superen todos os módulos.

Artigo 9º.-*Modificacións.*

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non houbese un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 10º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 19 de maio de 2010 pola que se convocan axudas para o ano 2010 para a realización de proxectos piloto co financiamento do Fondo Europeo de Pesca.

O Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, establece no artigo 36º que o devandito fondo poderá financiar medidas de interese público, e cita, entre estas, os proxectos piloto que despois se desenvolven no artigo 41º.

Ao abeiro do devandito regulamento, a Orde do 20 de outubro de 2008 establece as bases e regula o procedemento para a concesión de axudas para a realización dos proxectos piloto (DOG nº 211, do 30 de outubro). A devandita orde establece no seu artigo 6 un prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de marzo, cuxa selección se resolverá nunha única proposta anual con anterioridade ao 31 de maio de cada ano.

Desde a publicación das devanditas bases, os expedientes presentados non puideron ser obxecto de resolución, polo que cómpre publicar a convocatoria do ano 2010 e, así, proceder a resolver os expedientes presentados ao abeiro da devandita orde reguladora. Por outra banda e dada a demora na resolución destas axudas, considérase oportuno modificar para a convocatoria do ano 2010 o prazo de presentación de solicitudes, así como tamén de selección dos expedientes.

Artigo 1º.-*Convocatoria das axudas.*

Convócanse axudas para o ano 2010 para a realización de proxectos piloto que se rexerán polas bases e procedemento establecidos na Orde do 20 de outubro de 2008 (DOG nº 211, do 30 de outubro); o prazo de presentación de solicitudes será o establecido na disposición transitoria.

Artigo 2º.-*Crédito orzamentario.*

1. Para o exercicio orzamentario 2010, as axudas para a realización de proxectos piloto outorgaranse con cargo á aplicación 14.02.723A.780.2, código de proxecto 2007.00579, que figura dotada no proxecto de orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2010. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario ascenderán a 2.700.000 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2010: 1.000.000 euros.

Anualidade 2011: 900.000 euros.

Anualidade 2012: 800.000 euros.

2. Este importe poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de

solicitudes, salvo indicación expresa en contrario, na orde que se publique para o efecto.

3. A concesión das correspondentes axudas queda sometida, en todo caso, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 no momento da resolución.

Disposicións transitorias

Primeira.-As solicitudes que se presentasen ao abeiro da Orde do 20 de outubro de 2008 durante os anos 2008 e 2009 e que non recibisen resolución expresa respecto da subvencionabilidade do proxecto, deberán manifestar mediante escrito a súa intención de se acolleren á convocatoria do ano 2010, e o prazo da súa presentación rematará unha vez que transcorran 30 días contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-O prazo de presentación de solicitudes de axuda nesta convocatoria do ano 2010 será desde o 1 de xaneiro de 2010 e rematará unha vez que transcorran 30 días desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-O prazo para a resolución das axudas será de seis meses contados desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, realizándose a selección dos expedientes antes do remate do devandito prazo.

Cuarta.-Debido ao cambio de competencias derivado do Decreto 312/2009, do 28 de maio, pola que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG nº 109, do 5 de xuño), na tramitación destas axudas o Servizo de Ensino e Investigación Mariña será substituído polo Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota, a Subdirección de Ensino e Investigación Mariña pola Subdirección de Innovación Tecnolóxica e a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro será substituída pola Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2010.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 7 de xuño de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) de delegación de facultades no director xeral do instituto e nos respectivos directores de área para iniciar e instruír procedementos de responsabilidade patrimonial.

A competencia para a resolución dos procedementos de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos sufridos polos interesados a consecuencia do funcionamento dos servizos públicos regulada no artigo 139 e seguintes da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, é atribuída, no ámbito do Igape, ao conselleiro de Economía e Industria, en virtude do artigo 5 da Lei galega 6/2001, do 29 de xuño.

Pola súa banda a competencia para iniciar e instruír os anteditos procedementos corresponde ao Consello de Dirección do Igape, en virtude do artigo 3 do Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, en relación co artigo 9 da Lei 5/1992, de creación do instituto, non atopándose incluída esta competencia entre as delegacións xerais de facultades contidas nas bases de xestión económico-financeira do Igape.

Por iso, e para a unha maior axilidade e eficacia na xestión e tramitación das reclamacións que nesta materia poidan presentarse no ámbito de actividade do Igape, o Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 1 de xuño de 2010, acordou delegar no director xeral a competencia para a incoación destes procedementos, e no director da área do instituto xestora do expediente obxecto de reclamación a competencia para a súa instrución.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar a seguinte delegación de facultades acordada polo Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza do 1 de xuño de 2010:

«Delégase no director xeral do Igape a competencia para iniciar, e no director da área xestora do correspondente expediente, a competencia para instruír os procedementos de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos sufridos polos interesados a consecuencia do funcionamento do Igape, regulada no artigo 139 e seguintes da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 429/1993, que aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial».

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica